

DON JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO, SECRETARIO XERAL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (Lugo)

CERTIFICA

Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión celebrada o día 24.05.2023, adoptou entre outros o seguinte acordo:

"BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE SEIS AUXILIARES DE POLICIA LOCAL DURANTE TRES MESES

Vista a proposta formulada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Prestar aprobación ás bases da convocatoria para a selección de seis auxiliares de Policía Local durante tres meses co seguinte detalle:

"I.- NORMAS XERAIS

As probas selectivas rexeranse polo previsto nestas bases e polo disposto no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, DECRETO 15/2023, de 12 de xaneiro, polo que se desenrola a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais e a Orde de 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais..., na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, Decreto 896/1991, do 7 de xuño, regras básicas e programa mínimos e R.D. 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se aproba o regulamento de selección de persoal e, supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e demais lexislación concordante que sexa de aplicación.

II.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

- 1.- É obxecto da presente convocatoria a contratación en réxime de persoal laboral temporal de seis Auxiliares de Policía Local durante 90 días, mediante contrato temporal por circunstancias da produción, a xornada completa, co obxecto de atender as necesidades do Concello de Monforte de Lemos.*
- 2. Os seleccionados prestaran servizo 90 días dentro do ano 2023, a contar dende a data que se determine por resolución da alcaldía, con obxecto de complementar a plantilla municipal.*
- 3. O proceso desenvólvese mediante convocatoria pública polo sistema de oposición baixo os puntos de vista de igualdade efectiva entre homes e mulleres, mérito, capacidade, transparencia e publicidade (Web oficial do Concello de Monforte de Lemos, taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos, nun dos diarios de maior tirada de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo).*
- 4.- O contrato terá efectos dende a data que fixe o Alcalde-Presidente na resolución que autorice a contratación.*





5.- As retribucións que se abonarán con cargo as partidas 132 13100 e 132 16000 e serán as mesmas que as establecidas para o persoal laboral do Concello na mesma categoría e xornada laboral.

6.- Os cálculos dos custos salariais, mensuais de cada traballador, de dita contratación para o ano 2023 son:

POLITICA DE GASTO	IMPORTE	CONCEPTO
132 13100	2.039,84€ SOLDO INCLUÍDA PPE	SOLDO INCLUÍDA PPE
132 16000	689,47 €	SS EMPRESA

III.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

1.- Para tomar parte na oposición será necesario:

- Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado a través do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro).
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto.
- Ter feitos os dezaioito anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima establecida no artigo 53.1.c) do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro).
- Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente correspondente o grupo C, subgrupo C2, do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro ou en condicións de obtelo na data en que finalice o prazo de presentación de instancias.
No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán acreditar a súa homologación.
- Non ter sido despedido/a ou separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.
- Será aplicable, con todo, o beneficio da rehabilitación conforme ás normas penais e administrativas, que a persoa aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
- Carecer de antecedentes penais por delito doloso.
- Ter ingresado na conta 2080 0126 20 3110000019 (ABANCA) a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por importe de 15'73 € prevista na ordenanza municipal reguladora da taxa para estudo, análise e expedición de documentos publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010. En ningún caso o ingreso da citada contía suporá a substitución do trámite de presentación de solicitudes. So procederá a devolución do importe satisfeito polo aspirante cando por causas non imputables ó suxeito pasivo non teña lugar por parte do Concello a prestación, ou cando os ingresos se declaren indebidos por resolución ou sentenza firme ou se produciase unha modificación substancial das bases da convocatoria.



FIRMANTE - FECHA



2.- Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante o procedemento de selección, contratación e/o permanencia na listaxe de reserva.

IV.- INSTANCIAS.

1.- As instancias solicitando tomar parte na oposición, se dirixirán a Alcaldía do Concello e se presentarán no Rexistro Xeral do Concello, durante o prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As instancias tamén poderán presentarse na forma prevista no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Se as instancias non son presentadas no rexistro do Concello o aspirantes deberán comunicalo o mesmo día da presentación ó correo electrónico rrhh@concellodemonforte.com.

2.- A solicitude acompañarase inescusablemente da fotocopia do documento nacional de identidade, e xustificante de pago da taxa esixida nestas bases. E no caso de que o/a aspirante teña realizado o curso da Academia Galega de Seguridade Pública para traballar como auxiliar deberá aportar copia compulsada do mesmo.

3.- As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento esíxao ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Concello poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4.- A consignación de datos falsos na solicitude ou na documentación achegada polos/as aspirantes sancionase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

V.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1.- Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, publicarase no taboleiro de anuncios e na web do Concello a lista provisional de admitidos e excluídos, indicando a causa de exclusión, concedéndose un prazo de cinco (5) días hábiles a contar dende o día seguinte o da publicación, para subsanar os posibles defectos ou omisións na documentación presentada. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde Presidente poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

2.- Non será subsanable a presentación da solicitude fora do prazo habilitado para este efecto nin o non pago da taxa establecida, considerando como tal o ingreso da mesma feito por cantidade inferior á fixada.

3.- O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo.

Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso despréndase que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

4.- Igualmente se publicarán no taboleiro de anuncios e na Páxina Web do Concello as datas, lugar, resultados das probas que se realicen así como tódolos anuncios derivados da presente convocatoria.



5.- Para calquera aclaración ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto co teléfono 982 416537/982402501.

VI.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1.- O tribunal de selección será colexiado e a súa composición haberá de axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade das persoas que os integren, tendéndose, así mesmo, á paridade entre muller e home.

2.- Non poderá formar parte do tribunal de selección o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

3.- A pertenza ao tribunal de selección será sempre a título individual, sen que poida ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

4.- Os membros do tribunal de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

O tribunal de selección estará composto por cinco membros: presidente/a, o secretario/a e tres vogais así como os respectivos suplentes. Será nomeado mediante resolución da Alcaldía.

5.- Abstención e Recusación. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

6.- O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incurso nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei.

7.- O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario.

8.- Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

9.- A partires da sesión de constitución, o tribunal para actuar validamente requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

10.- O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases. En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.





11.- Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

12.- O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

VII.- PROBAS.

1.- A orde de actuación das persoas aspirantes será a orde alfabética e comezará por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra V, conforme ao establecido na Resolución do 23 de xaneiro de 2023 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 18, do 26 de xaneiro).

2.- As persoas aspirantes deberanse presentar a cada exercicio provistas de DNI ou outro documento fidedigno que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

3.- Salvo autorización do tribunal noutro sentido, os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas como colaboradoras.

4.- Durante o tempo fixado para a realización das probas non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparellos de telefonía móbil, reloxos ou soportes con memoria; queda prohibido o acceso ao recinto con tales dispositivos e constitúe causa de inadmisión ao chamamento a simple tenencia dos mesmos.

5.- A selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de oposición libre e constará das seguintes probas:

Primeira (de carácter obrigatorio e eliminatorio): A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo III. Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test que serán propostas polo tribunal, con 4 alternativas de resposta cada unha das cales solo unha delas será a correcta. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización. A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a.

A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A - F/3)/5$, sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respondadas.

O tribunal poderá incluír na proba ata un máximo de cinco (5) preguntas de reserva, as cales serán utilizadas correlativamente para substituír as que resulten anuladas do cuestionario, tanto de oficio polo propio tribunal como polo resultado de atender ás reclamacións formuladas polas persoas interesadas dentro do prazo que se fixe a estos efectos.

Segunda. Coñecemento da lingua galega. O tribunal valorará o nivel de coñecemento da lingua galega dos/as aspirantes, mediante unha proba que se cualificará de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco puntos para superala.

Consistirá na tradución dun texto de castelán a galego e doutro texto de galego a castelán. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de realizarse a proba.



FIRMANTE - FECHA



O exercicio terá unha duración máxima media hora e realizarase inmediatamente despois do final da proba de coñecementos.

Esta proba poderá substituírse pola acreditación do coñecemento da lingua galega mediante a presentación do título do CELGA 3.

Terá tamén a mesma validez posuír a certificación de aptitude do curso de lingua galega regulados na Orde do 1 de abril de 2005 de INICIACIÓN, ou calquera outra o equivalente debidamente homologada polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo con a disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

O resultado desta proba cualificarase como apto ou non apto.

Terceira (de carácter obrigatorio e eliminatorio): *Consistirá en realizar as probas físicas que se especifican no anexo II e será cualificado de apto ou non apto.*

6.- *Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos nos seus dereitos os opositores que non comparezan a realizalo a hora fixada, salvo os casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal, para os que poderá realizarse unha convocatoria extraordinaria.*

7.- *A publicación dos sucesivos anuncios de celebración do segundo e restantes exercicios efectuarase polo tribunal no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, mediando en todo caso alomenos un prazo mínimo de dous días, entre o remate dunha proba e o comenzo da seguinte.*

VIII.- CRITERIO DE DESEMPATE

1.- *A puntuación das persoas aspirantes que superen todas as probas do proceso selectivo virá determinada pola puntuación do segundo exercicio.*

2.- *Toda vez que nos corpos de Policía Local de Galicia existe infrarrepresentación feminina, no suposto de empate en las puntuacións de dos ou más aspirantes acudirase, por orde, ós seguintes criterios ata que se resolva:*

a) *Criterio de desempate recollido no artigo 49 do Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, conforme o cal el empate resolverase a favor da muller.*

b) *Menor tempo alcanzado na proba de resistencia xeneral, carreira de 1.000 metros lisos.*

c) *Maior resultado na proba de Potencia tren inferior: salto vertical.*

d) *En último lugar, o empate se dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.*

IX.- LISTA DE APROBADOS/AS.

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, e o Tribunal cualificador formulara proposta de contratación a Alcaldía dos que, tendo en conta o número de postos a cubrir, obtivesen as notas máis altas.

X.- CURSO DE FORMACIÓN.



- 1.- As persoas aspirantes aprobadas e as incluídas na listaxe de reserva deste proceso selectivo deberán superar un curso de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para ser contratadas como auxiliares de policía local, de conformidade co disposto no artigo 95.6 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e no artigo 48 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.
- 2.- No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen finalizalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso selectivo.
- 3.- Só estarán dispensadas de realizar este curso aquelas persoas que xa o realizaron durante o últimos catro anos.

XI.- CREACIÓN DE LISTA DE RESERVA

Os aspirantes non propostos para a súa contratación que superaran a totalidade das probas da fase de oposición pasaran a formar unha lista de reserva por orde de puntuación para cubrir eventuais vacantes dos seleccionados durante ó 2023.

XII.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN

- 1.- Concluído o curso de formación ou acreditada a inesixencia da obriga de relizalo novamente, os candidatos propostos para a súa contratación deberán incorporarse ao posto de traballo seguindo as indicación do Concello, non tendo dereito a retribución algunha ata a efectiva contratación e incorporación ao posto de traballo. A elección do período de contrato será realizado conforme se indica nestas bases.
- 2.- Deberán presentar nas oficinas do Concello os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:
 - a) fotocopia compulsada do D.N.I.
 - b) fotocopia compulsada do título.
 - c) declaración xurada ou promesa de non estar incurso en causa de incapacidade, non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública, ni estar inhabilitado ou suspendido para o exercicio de funcións públicas e de no ter sido condenado por delito doloso.
 - e) certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou eiva física que lle impida o normal desenrolo das funciones propias do posto de axuxiliar de Policía Local.
 - f) acreditación de ter superado o curso de formación.
- 3.- Quen dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, no presentase a documentación, ou do exame da mesma se deducira que carece de algún dos requisitos sinalados nas bases, non poderá ser contratado e quedarán anuladas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade.
- 4.- Unha vez feita a lista de aprobados/as, o Concello poderá contratatar ás persoas candidatas que dispoñan de curso de formación vixente antes que os que non dispoñan do mesmo e se atopen a espera de realizar a formación para obtelo, aínda que éstos haxan obtido maior puntuación.

XIII.- PERÍODO DE PROBA

Una vez iniciados os traballos, fíxase un período de proba de quince días para o/a traballador/a.



FIRMANTE - FECHA



XIV-INTERPRETACIÓN

Para calquera dúbida que xurda na interpretación destas bases e no desenrolo das probas correspondentes estarase ó que decida o Tribunal por maioría de votos.

XV.- RECURSOS ADMINISTRATIVOS E XURIDICOS

As Bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común e Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Monforte de Lemos, 19 de maio de 2023.

ANEXO I: Modelo de instancia

Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS		
Dn./Dna.		, maior de idade
con D.N.I. nº		e domicilio en
	Nº	de
C.P.	provincia de	con tfno. nº
e con e-mail:		
<p>EXPÓN: Que tendo sido convocadas probas selectivas para a provisión polo procedemento de oposición libre, de postos de traballo temporais de auxiliar de Policía Local de Monforte de Lemos para o ano 2023,</p> <p>MANIFESTA: Que reúne todas e cada unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria, que adxunta a documentación acreditativa que se solicita nas bases e.</p> <p>SOLICITA: Que se teña por presentada a presente instancia dentro do prazo conferido ao efecto e, en consecuencia, sexa admitido/a para tomar parte na oposición.</p>		
En		, a de de 2023
Sinatura		



ANEXO II: Probas físicas

II.1. Potencia tren inferior: salto vertical.

- Realizárase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.
- aspirante colocárase en posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara a arriba e sen levantar os calcañares do chan, e marcará coas dedas a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarase, separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente coas dedas o nivel alcanzado.
- Para a correcta realización da proba deberán observarse as seguintes regras:
 - Pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pés antes de saltar.
 - Hai que realizar o salto cos dous pés ao mesmo tempo.
 - Permítese dous intentos, só aos aspirantes que fagan nulo no primeiro.
- A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

Idade	18-36	37-48	46-ou máis
HOMES	41 cm	33 cm	29 cm
MULLERES	32 cm	28 cm	25 cm

II.2. Resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

- Realizárase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.
- O/a aspirante colocárase na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.
- Só se permite un intento.
- O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.
- A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade:

Idade	18-36	37-45	46-ou máis
HOMES	4'30''	5'00''	5'15''
MULLERES	5'00''	5'30''	5'45''

Para realizar estas probas, as persoas aspirantes deberán presentar provistas de indumentaria deportiva

As probas físicas terán a cualificación de apto ou non apto. Para obter a cualificación de apto os aspirantes deberán alcanzar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se establecen para cada proba.

ANEXO III: Proba de coñecementos. Temario.



1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O alcalde. A Xunta de Goberno Local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das policía locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da policía local como policía administrativa I: consumo. Abastos. Mercados. Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da policía local como policía administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguraza viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesións e danos imprudentes.
9. Lei de seguraza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguraza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.
12. A policía como servizo público. A policía local como policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de policía.”

Segundo.- Proceder á publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde,

En Monforte de Lemos, na data da sinatura dixital.

Vº E PCE.
O ALCALDE





La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000B974B00G8K0R0Y4G1Z2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 31/05/2023
GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ-P.D.Decreto de 24.01.2022 - A 1ª Tenente de Alcalde - 31/05/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 31/05/2023 10:28:27

EXPEDIENTE :: 2023XERAL-0283
Fecha: 30/05/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

